

# Grado en Xestión de Empresas Hostaleiras (mencións: Dirección Hostaleira / Gastronomía)

---

## G3211207 – Deutsch III (3º curso)

### INFORMACIÓN (datos descriptivos)

- **Créditos ECTS**
  - o Créditos ETCS: 4
- **Horas ECTS Criterios/Memorias:**
  - o Traballo Alumno/a: 40
  - o Horas de Titorías: 10
  - o Clase Expositiva: 15
  - o Clase Interactiva: 55
  - o Total: 120 horas
- **Lingua de uso:**
  - o Alemán, Castelán, Galego
- **Tipo:**
  - o Materia Ordinaria (Formación Básica)
- **Departamento:**
  - o CSHG
- **Área:**
  - o CSHG
- **Centro:**
  - o Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG)
- **Convocatoria:**
  - o Anual
- **Docencia:**
  - o Con docencia
- **Matrícula:**
  - o Matriculable

### PROGRAMA

#### Obxectivos da materia:

O obxectivo da materia Deutsch III é alcanzar, como mínimo, un grao de competencia comunicativa de alemán ao nivel A2/1 segundo os descritores do Marco Común Europeo de Referencia para as Lingua (MCERL). As actividades de recepción, producción, interacción e mediación serán desenvolvidas para avaliar os niveis de competencia comunicativa do alumno/a. O obxectivo do curso é lograr desenvolver habilidades comunicativas para manexarse en situacíons habituais da vida cotiá a nivel oral e escrito ou poder transmitir información de textos escritos ou orais. Trátase de comprender e (re)formular mensaxes breves na súa maioría, cun



vocabulario e estrutura sinxelos sobre temas habituais nos ámbitos privado e público tales como o mundo laboral e académico, os hábitos de vida sa, as celebracións ou o lecer e tempo libre. Para realizar unha comunicación exitosa será fundamental ademais comprender aspectos socioculturais acerca de hábitos cotiáns, horarios, normas de cortesía ... etc dos países de fala alemá. As actividades de recepción, producción, interacción e mediación serán desenvolvidas para avaliar os niveis de competencias comunicativa do estudiante.

Ao final do curso os estudiantes serán capaces de realizar as seguintes tarefas:

- Produción: comunicar de forma sinxela, tanto a nivel oral como escrito, cuestións relativas á propia persoa ou familiares, ao traballo, estudos ou hábitos de vida.
- Recepción: Comprender frases e vocabulario habitual sobre temas de interese persoal; captar a idea principal de avisos, mensaxes ou textos breves e sinxelos.
- Interacción: Realizar intercambios sociais moi breves; intercambiar información sobre actividades e asuntos cotiáns que requieren un intercambio de información simple e directo.
- Mediación: Transmitir unha información sinxela e previsible de interese inmediato procedente de sinais, avisos, letreiros, horarios, pósteres ou programas breves e sinxelos.

## Contidos

- Narración de sucesos pasados
- Localización espacial
- Hábitos alimentarios e gastronomía
- Mundo laboral
- Deporte e vida sana
- Formación e carreira profesional
- Eventos e celebracións



## Bibliografía básica e complementaria

- **Bibliografía básica**

Como bibliografía básica para o curso se establece o seguinte libro de texto:

- *Schritte International 3 NEU: Kursbuch und Arbeitsbuch.* Ed. Hueber.

- **Bibliografía complementaria**

*Gramáticas recomendadas:*

- Schritte Übungsgrammatik - La gramática completa del A1 al B1.  
Ed. Langenscheidt.
- Einfach Grammatik A1 - B1. Übungsgrammatik. Ed. Hueber.
- Gramática del estudiante-Alemán, Ed. Difusión
- Practicar y consultar la gramática-Alemán, Ed. Difusión
- Klipp und Klar-Übungsgrammatik Grundstufe Deutsch, Ed.Klett
- Übungsgrammatik DaF für Anfänger, Verlag für Deutsch

*Diccionarios:*

- Diccionario básico alemán, Ed. Pons (monolingüe)
- Diccionario Compact, Ed. Langenscheidt (bilingüe)
- Collins Pocket Plus Alemán: Diccionario bilingüe. Ed. Collins

*Direcciones de Internet:*

- Página web do libro de texto, con ejercicios: <https://www.hueber.de/schritte-international-neu/lernen/uebungen>
- Página web do Goethe-Institut: <http://www.goethe.de>
- Página web da Deutsche Welle, cadena de información internacional de Alemania: <http://dw-world.de>

*Diccionarios bilingües alemán/castelán:*

- LEO: <http://pda.leo.org/>
- Pons Wörterbuch: <http://www.pons.de>
- Wordreference: [www.wordreference.com](http://www.wordreference.com)
- Reverso: <http://diccionario.reverso.net/>



*Cursos online:*

Nicos Weg: <https://learngerman.dw.com/es/nicos-weg/c-47994059>

Deutschland Abor: <https://www.dw.com/de/das-deutschlandlabor/s-32379>

Deutsche Welle, cursos por niveles: <https://www.dw.com/es/cursos-de-alem%C3%A1n/s-4640>

Goethe Institut: <https://www.goethe.de/ins/es/es/ueb/crv/stu.html>

## **Competencias**

- **Básicas e Xerais**

**B4.►** Que os estudiantes podan transmitir información, ideas, metodoloxías, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado, tanto mediante comunicación oral como escrita no seu ámbito de estudo.

**G1.►** O *Grado en Xestión de Empresas Hostaleiras* ten como obxectivo a formación de profesionais que sexan capaces de desempeñar tarefas de xestión e dirección nas organizacións empresariais hostaleiras, desenvolvendo habilidades de liderazgo, cunha clara orientación de servizo ó cliente, alta capacidade de adaptación permanente e innovación e orientación a resultados nas diferentes áreas do sector, favorecendo o desenvolvemento sostible e respectando a diversidade e multiculturalidade.

- **Transversais**

**T3** - Comunicación oral e escrita no eido empresarial

**T9** – Recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade

**T11** - Aprendizaxe autónomo permanente e adaptación a novas situacóns

**AV3** - Respecto, tolerancia e responsabilidade persoal e profesional

- **Específicas**

**E9**- Manexar técnicas de comunicación.

**E11**- Comunicarse de forma oral e escrita en inglés ou nunha segunda lingua estranxeira.

**E17**- Traballar en entornos socioculturais diferentes vinculados coa actividade hostaleira.

## **Metodoloxía de ensinanza**

As unidades didácticas desta materia teñen carácter teórico-práctico e abordaranse desde unha metodoloxía comunicativa de uso da lingua. Os distintos contidos introduciranse en situacóns comunicativas e mediante textos ou materiais audiovisuais. As estruturas así introducidas explicaranse de maneira teórica para



pasar a continuación á consolidación e profundización das mesmas con exercicios de diferentes tipos. A parte central da materia consiste na aplicación das estruturas aprendidas en actividades didácticas enfocadas ao desenvolvemento das distintas habilidades e destrezas lingüísticas. Para garantir un proceso de traballo homoxéneo e continuado nas clases presenciais e para alcanzar os obxectivos da materia, será de gran importancia a participación regular e activa nestas actividades (diálogos interactivos: profesor/ alumno, alumnos en parellas ou en grupo, xogos de rol) por parte do alumnado. Haberá sesións que terán lugar no laboratorio de idiomas e que se dedicarán ao traballo con materiais multimedia. Un dos obxectivos destas sesións é o de familiarizar aos estudiantes co uso de distintas ferramentas de aprendizaxe do alemán dispoñibles na internet. Estes recursos servirán de apoio ao proceso de aprendizaxe individual e autónoma que debe acompañar as actividades presenciais da materia. O traballo no laboratorio é especialmente relevante para as destrezas de comprensión oral e pronuncia.

O alumnado terá así mesmo que realizar unha serie de tarefas cuxo obxectivo fundamental consiste en poñer en práctica as distintas destrezas ou actividades de lingua (expresión oral, expresión escrita etc.)/ etc.). Na elaboración destas tarefas é tan importante o resultado final como o proceso mesmo de elaboración, cuxo obxectivo é fomentar a capacidade de traballo autónomo do alumnado. Por iso ao longo do curso farase un especial fincapé na adquisición de técnicas de aprendizaxe e no desenvolvemento de estratexias adecuadas para optimizar o traballo persoal.

## Sistema de avaliación

O sistema de avaliação en cada unha das oportunidades para superar a materia terá en conta todas as actividades realizadas polo alumnado que se indiquen na sección correspondente a cada oportunidade detalladas a continuación. O alumnado que non supere a materia na primeira oportunidade terá dereito a unha segunda oportunidade, que será a que figure no expediente académico no caso de que a cualificación alcanzada fose superior.

- Primeira oportunidade ordinaria:

A materia de Deutsch III avaliarase por destrezas, de tal modo que para superar a materia haberá que obter unha nota de control continuo maior a 5 en cada unha das destrezas: parte escrita, parte de producción oral e parte de comprensión oral. O curso divídese en dous cuadrimestres. En cada un deles realizarase un exame parcial que consta de tres partes: exame de comprensión oral, exame escrito e exame de producción oral. Ademais, tamén se cualificarán outras probas ou actividades realizadas ao longo do cuadrimestre en cada unha das destrezas. Estas probas intermedias terán un peso de entre un 10% e un 15% sobre a nota cuadri mestral da destreza correspondente.

As porcentaxes de cada destreza na nota cuadri mestral serán os seguintes:

- Competencia escrita: 35%
- Comprensión oral: 30%
- Producción oral: 35%



A nota final de curso calcularase facendo media das 3 destrezas unicamente cando a nota media do control continuo de cada destreza sexa maior que 5. En caso contrario, o alumno/para deberá presentarse a un exame final naquelas destrezas cuxa nota de control continuo fose inferior a 5. Neste caso, a media do control continuo supoñerá un 60% da súa nota e o exame final o 40%.

No CSHG a asistencia a clase con puntualidade é obrigatoria e parte importante da formación do alumno/a, polo que as ausencias repetidas ás actividades presenciais consideraranse unha falta de rendemento e por tanto afectarán á cualificación da materia do seguinte modo:

- Cómputo total de horas presenciais (80 horas): 30% de ausencias e penalización de -1 punto (24 horas); 60% de ausencias e penalización de -2 puntos (48 horas).
- Se o alumno/a alcanza as 15 faltas de asistencia deberá presentarse obligatoriamente ó exame final.
- Se o alumno/a alcanza un 80% de ausencias sobre o total das horas presenciais, a materia se considerará suspensa cunha calificación de 0.

Os estudiantes que así o desexen poderán presentarse ao exame final de primeira oportunidade ordinaria para subir nota. Neste caso teranse que examinar de todas as destrezas e o exame englobará a materia de todo o curso. As notas obtidas no exame substituirán as obtidas na avaliación continua.

En función do número de asistentes de conversación dispoñibles poderase esixir a asistencia a clases de conversación obrigatorias. Neste caso, estas clases terán lugar polas tardes de luns a xoves, cunha duración de 30 minutos e serán impartidas por lectores da USC. Será obrigatoria a asistencia polo menos a 2 clases prácticas cos lectores por cuatrimestre (4 mínimo total durante o curso) nos prazos previstos que se publicarán para a práctica de contidos específicos e preparación de exames orais. Se non se asistiu a esas clases nos prazos establecidos para iso, non se permitirá realizar os exames orais e a nota do exame oral supoñerá un cero. A participación activa nas mesmas redundará, sen dúbida, nun mellor rendemento na área de idiomas.

#### Segunda oportunidade extraordinaria:

En caso de non superar a materia en primeira oportunidade ordinaria, o alumno/a terase que presentar en segunda oportunidade extraordinaria a unha proba en cada unha das destrezas sobre a materia de todo o curso. A nota media acharase aplicándose a seguinte ponderación:

- Competencia escrita: 35%
- Comprensión oral: 30%
- Producción oral: 35%



- Segunda e posteriores convocatorias:

Os alumnos/as que deban presentarse á materia en 2<sup>a</sup>, 3<sup>a</sup> ó 4<sup>a</sup> convocatoria (tanto en 1<sup>a</sup> como en 2<sup>a</sup> oportunidade) serán avaliados unicamente mediante un exame final coas destrezas e porcentaxes indicados para o exame final nas oportunidades de 1<sup>a</sup> convocatoria. Para superalo deberán obter unha nota mínima de 5.

### **Tempo de estudio e traballo personal**

As actividades formativas e a súa adicación en horas serán as seguintes:

- Clases expositivas (15 horas), clases interactivas incluidas as sesións na aula multimedia (55 horas), exames e titorías (10 horas) e traballo autónomo do estudiante (40 horas).

### **Recomendacións para o estudio da materia**

Durante todo o curso, impartiranse 3 sesións presenciais de 50 minutos cada semana. As clases desenvolveranse na aula de clase ou na aula multimedia. É moi importante que o alumno sexa consciente da importancia da asistencia regular a clase e do traballo individual continuado para superar a materia. Tamén é recomendable que o alumno/para tente ter contacto co idioma alemán fose do contexto da materia, así como a asistencia ás clases de conversación cos lectores de alemán.

## **PROFESORADO**

**Noemí Comesaña Liz**

Centro Superior de Hostelería de Galicia

981542582

[ncomesana@cshg.es](mailto:ncomesana@cshg.es)



CENTRO SUPERIOR  
DE HOSTELERÍA  
DE GALICIA

galicia

USC  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA